

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 8 DE OUTUBRO DE 2007

### **LICENZAS FAVORABLES.**

**1656/07.- Antonio Chapela Barreiro.-** Substitución de cuberta de edificación existente na R/ Canteira de Arriba núm.38.-

**1561/05.- Vector Plus, S.L.-**Edificio (9 viv.) na Unidade de Actuación núm.5 do PERI-3 de A Choupana.-

**1945/07.- Carlos Rodríguez Uzal.-** Rehabilitación e ampliación de viv. unif. en Eira da Chousa, Sionlla, San Paio de Sabugueira.-

**579/07.- Uponsor, S.L.-** Nave sen uso específico, na parcela C-24 do SUNP-34 de Boisaca.-

### **TRÁMITE DE EXCEPCIÓN.-**

**594/07.- Manuel Jesús Uzal Miramontes.-** Recheo de terras na parcedla núm.618 de Concentración de Vilestro (+).-

**4.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**  
Concédense axudas a varias familias.

**5.- Adxudicación das Obras de Reforzo do firme na vía pública M-8-IV (VILAR), incluídas no Plan de Cooperación Provincial 2007 da Excm. Deputación Provincial da Coruña.**

Adxudícanse as obras a EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., por un importe de 168.330 euros e un prazo de execución de 25 días.

**6.- Adxudicación das Obras de Recollida de augas pluviais na Costa de San Marcos (BANDO).**

Adxudícanse as obras á empresa AQUAGEST, S.A., por un importe de 35.600 euros e un prazo de execución de tres semanas.

**7.- Adxudicación de Asistencia técnica para a dirección superior e media e a coordinación de Seguridade e Saúde das obras de Urbanización dos terreos municipais para Zona Deportiva en San Lázaro (fase I).**

Adxudícanse a asistencia técnica á empresa PROYFE, S.L., por un importe de 57.353 euros.

**8.- Adxudicación de Asistencia técnica para a realización dun estudio do rendemento e configuración de Servidores.**

Adxudícase a asistencia técnica á empresa TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA, SA, por importe de 12.000 euros.

**9.- Propostas da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da sinatura de convenios de colaboración entre o Concello de Santiago e diversas Asociacións.**

Apróbase a sinatura de convenios de colaboración entre o Concello coa Asociación de Trastorno Unipolar e Bipolar de Galicia (ABISGA), coa Asociación de Loita contra Enfermidades do Ril (ALCER Coruña) e coa Asociación Internacional Teléfono da Esperanza (ASITES); todos eles pola contía respectiva de 2.500 euros.

**10.- Acordos relativos a reclamacións de responsabilidade patrimonial.**

Declárase a inexistencia de responsabilidade do Concello polos danos ocasionados en dous vehículos e atribúese o pago das indemnizacións ás empresas concesionarias responsables.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación de gastos do Curtocircuíto 2007.**

Apróbase un gasto de 60.000 euros para as actuacións a executar entre o 16 e o 20 de outubro.

**12.- Aprobación do proxecto de modificacións orzamentarias.**

Apróbanse modificacións orzamentarias en varios departamentos.

**14.- Proposta dos concelleiros delegados de Educación e Mocidade relativa á notificación da resolución provisional de concesión de subvencións destinadas ao fomento de actividades educativas e para a mocidade de carácter puntual 2007.**

Notifícase a resolución.

**15 a 77. Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativas a beneficios fiscais nos impostos sobre vehículos de tracción mecánica, bens inmobles e incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Concédense os beneficios solicitados.

**78.- Dar conta pola concelleira delegada de Educación da concesión dunha subvención.**

Dáse conta da concesión dunha subvención de 10.709 euros para a Escola Municipal de Música pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**79.- Dar conta pola concelleira delegada de Educación do escrito da FEGAMP relativo á asunción dos gastos de gasóleo pola Xunta de Galicia.**

Dáse conta da devandita asunción.

**URXENCIAS**

1.- Á vista do escrito remitido polo Organismo Autónomo Augas de Galicia en relación coas obras do colector principal e depuración de augas residuais en Lavacolla (San Paio), de saneamento e depuración de augas residuais en Nemenzo, de abastecemento de auga potable en Miramontes, de saneamento e depuración de augas residuais en Enfesta, de saneamento e depuración de augas residuais na Sionlla, actuacións incluídas no Plano de Saneamento de Galicia, no que se solicita novo certificado de cada unha delas onde conste que o Concello achega o 30% do presuposto das obras, acórdase modificar o acordo adoptado na sesión da Xunta de Goberno Local de 12 de febreiro de 2007 nos seguintes termos: solicitar a Augas de Galicia o financiamento do 70% do custo das obras e achegar no 2007 á Administración Hidráulica de Galicia o 30% do presuposto das obras.

2.- Acórdase a modificación do prazo de xustificación das subvencións destinadas ao fomento de actividades educativas e para a mocidade de carácter puntual do ano 2007 que estaba fixado nas bases da convocatoria para o 15 de outubro e que atendendo ao proceso necesario para a adxudicación das mesmas se acorda para o 20 de novembro.

3.- Apróbase a proposta dos grupos socialista e nacionalista na que se solicita que sexa concedido o indulto aos veciños do Eixo condenados a sete anos de prisión.